




XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15707 - Santiago de Compostela
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 221
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es



CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Xunta de Galicia con motivo da problemática xerada polo avance da avespa asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Protocolo de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ao respecto ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este Protocolo recolle as actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.

Ata o ano 2019, as actuacións para a retirada dos niños de Vespa Velutina foron realizadas, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

Posteriormente, con data 24 de febrero de 2020 a Xunta de Galicia e a Fegamp, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina). Isto implicou para a administración autonómica a asunción da coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa Velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos ofrecendo unha actuación profesional e eficaz.

Para concretar de forma precisa o ámbito territorial de actuación na execución deste programa polo que a Xunta de Galicia coordinará coas entidades locais as actuacións necesarias para a eliminación de niños de vespa velutina, a Dirección Xeral de Administración local instou no mes de xaneiro de 2021 aos concellos para que comunicasen o seu interese en acollerse a este plan. No anexo I do convenio, relaciónanse os 285 concellos que, xa adheridos ao convenio no ano 2020, amosaron o






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15707 - Santiago de Compostela
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 221
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es



seu interese en continuar adheridos no ano 2021 e no Anexo II recóllense os concellos non adheridos no ano 2020 mais si que manifestan o seu interese en acollerse ao Plan no ano 2021. A adhesión implica para os concellos a asunción das obrigas establecidas na disposición oitava.

Por iso, a Xunta de Galicia propón a sinatura do CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) no que se establecen, entre outras cousas, as cláusulas que rexerán esta actuación na que participan e se coordinan a administración autonómica e local.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo que se refire á Federación Galega de Municipios e Provincias, cómpre dicir que ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos. A





disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, establece que a Fegamp, recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades derivadas da súa representatividade.

Ademais, de conformidade co artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000), a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

De conformidade cos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como *“un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá.”* E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

Este convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa Velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos e establece o marco xurídico xeral polo que se rexerán as relacións entre a administración autonómica que coordinará a execución do programa e os concellos que se adhiran que asumirán o compromiso de facilitar a execución do programa facilitando cos seus propios medios os labores de retirada de niños e promovendo a información sobre o programa en sí aos veciños. Tamén a Fegamp adquire a obriga de






XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15707 - Santiago de Compostela
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 221
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es



difundir entre os concellos de Galicia calquera información relativa ao programa de vixilancia e control da vespa velutina.

A súa duración comprenderá desde a data da súa sinatura e ata o 30 de decembro de 2021, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

Este convenio axústase á normativa vixente, e os intereses converxentes das partes asinantes do convenio exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo exposto e co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificada a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Natalia Prieto Viso

Directora Xeral de Administración Local

(documento asinado electronicamente)

